

# Tibete e os intereses estratéxicos da China, a India e os EUA: unha aproximación histórica

*Vera Ríos Carrillo*

## Introdución

---

*Tibet is the roof of the world. If we build rocket launching sites there and install missiles, does it not mean that we can easily strike where they point? Control over Tibet enables us to gain the strategic initiative (Singh, 2008:25).*

Oficial do Exército Popular de Liberación

Ao longo da historia, o Tibete conseguiu espertar o interese de diversos países por varios motivos. A súa importante posición estratéxica e a posesión de substanciosos recursos naturais provocaron que esta rexión do suroeste da China adquirise un rol máis que determinante no curso das relacións entre diferentes actores, entre eles, a China, a India e os EUA. O Tibete, outrora e hoxe en día, foi semente de discordia e moeda de troca nas relacións de poder entre estes países. Por iso, neste traballo, adoptando unha perspectiva histórica, examínanse as relacións de poder entre a China, os EUA e a India atendendo especialmente ao rol desempeñado polo Tibete como condicionante de tales interaccións.

Para iso, procederase á comprobación da seguinte hipótese a través da análise das distintas estratexias e tácticas levadas a cabo polos diferentes actores: mentres que para a China, o Tibete representa un interese estratéxico, para a India e os EUA supón un interese de carácter táctico.

O período obxecto de estudo abarca desde o ano 1949 até 1971. En 1949 proclamouse a República Popular da China, integrando o Tibete de facto no seu territorio. Por outra banda, a China e a India terán fronteiras comúns e a chegada dos comunistas ao poder xunto coa súa implicación na guerra da Corea un ano máis tarde, espertará o interese estadounidense na rexión. A elección de 1971 para fechar este período xustifícase por significar o principio da normalización das relacións sino-estadounidenses.

Liquidada na Europa após a disolución da URSS, a guerra fría presenta en Asia trazos propios e perdurables, influíndo nas relacións internacionais do continente. A supervivencia de diversos réximes comunistas (a China, a Corea do Norte, o Laos ou o Vietnam, aínda que non de todo equiparables), as tensións na Asia orien-